

Resolución do concurso Explícoche Matemáticas 2.0, na súa edición de 2018

Nesta sétima edición do concurso presentáronse 35 vídeos, 6 na sección de universidade e 29 na sección de ensino secundario. O xurado estivo composto por:

- Elena Vázquez Cendón (Presidenta)
- Rosa M^a Fernández Rodríguez (Secretaria)
- Manuel Bermúdez Blanco (SNL USC)
- Ana María Fernández Barros (docente de ensino medio)
- Alberto Cabada Fernández
- M^a Elena Vázquez Abal
- Carmen Trillo Sendón
- Javier Valle Regueiro
- Elena Blanco González
- Hernán Cerviño Asorey
- Julio Vázquez Zavalza
- Alba Vilar González

Os membros do xurado tiveron acceso ós vídeos para a súa visualización e valoración inicial dos mesmos.

Ás 16,15 horas do día 2 de outubro de 2018, reúnese o xurado para decidir o premio do concurso.

Once vídeos foron descalificados por non cumprir a base 2 do concurso.

Tendo en conta distintos aspectos como: corrección lingüística, corrección matemática, calidade técnica, etc. o xurado acordou seleccionar para a súa difusión, a través da canle de YouTube da Facultade de Matemáticas e da páxina web da Facultade, os seguintes traballos (por orde alfabética):

- *A división entre 0, un mundo máis alá do infinito* de Adrián Pérez Courel.
- *A sucesión de Fibonacci* de Carla Osorio López e Celia Ocampo Carrín.
- *Buscando aproximacións do número Pi mediante o método de Arquímedes* de Clara Rey Barona e Laura Álvarez Barbosa.
- *Buscando aproximacións do número Pi mediante o método de Montecarlo* de Clara Rey Barona e Laura Álvarez Barbosa.
- *Como calcular o tamaño da terra* de Aarón Vilariño Filgueiras.
- *Derivación da Ecuación de Ondas* de Daniel Prol Cambados
- *Diagramas de Voronói* de María Navarro Martínez e Iria Lago Portela.

- *Explicación dos produtos notables* de Ana Álvarez Amieiro.
- *O número Pi na circunferencia* de Nerea Fernández Sousa, Nazaret Álvarez Agustiño e Naima Mera Villar.
- *O potencial da música* de Gael Ferreiro García e Tania Rodríguez Martínez.
- *O problema do camiño máis rápido: a cicloide* de Jesús Conde Lago.
- *O teorema da pizza* de Brais Prieto Moure.
- *Posición relativa dunha recta e un plano* de Claudia Cerezal Sabín, Elena Sánchez González e Eva Vizcaya Balbosa.
- *Que é unha derivada?* de Victor López Pardo.
- *Teorema de Tales* de Uxía Castro Fernández.

Despois das deliberacións a decisión do xurado, por unanimidade, foi a seguinte:

Nomear **gañadores do concurso EXPLÍCOCHE MATEMÁTICAS 2.0** na súa edición de 2018 ós seguintes vídeos:

1. Na categoría A (2º Ciclo da ESO, Bacharelato e ciclos de Formación Profesional) ó vídeo *Como calcular o tamaño da terra* de Aaron Vilariño Folgueiras alumno de 4º da ESO do IES Lamas de Abade.
2. Na categoría B (Universidade) e dentro desta na sección de alumnos de grao ó vídeo *Diagramas de Voronói* de María Navarro Martínez e Iria Lago Portela alumnas de grao da Facultade de Matemáticas da USC.
3. Na mesma categoría B e na sección de alumnos de doutoramento e mestrado ó vídeo *O problema do camiño máis rápido: a cicloide* de Jesús Conde Lago alumno de doutoramento en Matemáticas da USC. Asimesmo nesta categoría o xurado acordou conceder un accésit ó vídeo *O teorema da pizza* de Brais Prieto Moure alumno de doutoramento en Ciencias da Comunicación da USC.
4. Recoñecer como vídeo mellor valorado polos internautas: *Buscando aproximacións do número Pi mediante o método de Arquímedes* de Clara Rey Barona e Laura Álvarez Barbosa alumnas de 4º da ESO do IES Escuelas Proval.

Os cursos e os centros dos estudantes están referidos ó curso 2017-18 no que se convocou o concurso.

Tódolos participantes no concurso recibirán notificación do acto de entrega dos premios que estará condicionado pola dispoñibilidade das persoas premiadas e das autoridades que o presidirán.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018

Elena Vázquez Cendón
Presidenta

Rosa M. Fernández Rodríguez
Secretaria

